

FICHA DE PRESENTACIÓN DE UNA PREGUNTA PARLAMENTARIA
CON SOLICITUD DE RESPUESTA ESCRITA (Artículo 130)**Elegir un solo destinatario:**

PRESIDENTE DEL CONSEJO EUROPEO

CONSEJO

VICEPRESIDENTA / ALTA REPRESENTANTE

COMISIÓN

Pregunta prioritaria

AUTOR(ES): María Lía Senra Rodríguez

ASUNTO: Vulneración da Directiva de Hábitats da UE na Laracha
(especifíquese)

TEXTO:

Nas fragas do lugar do Pazo, en Soandres, e no río Acheiro, concello da Laracha (A Coruña), habitan especies como a Píntega galega ou a Rabilonga (*Chioglossa lusitanica*) e o Caracol de Quimper (*Elona Quimperiana*), protexidas polo Convenio de Berna e pola Directiva de Hábitats da UE.

Sen embargo, a plantación de eucaliptos e a intención de levar a cabo cortas de fragas está poñendo en perigo a supervivencia destas especies das que cada vez quedan menos exemplares na UE e que para vivir necesitan de bosques caducifolios e auga limpa.

Non cre a Comisión que plantar eucaliptos e cortar fragas é incompatible coa conservación dos hábitats naturais da fauna e flora silvestres protexidos mencionados?

Que medidas están obrigados a tomar o goberno municipal e a Xunta e o Estado para protexer estes lugares e especies?

Tendo en conta que a previsión do Plan Forestal da Xunta no 1992 era dun máximo de 245.000 hectáreas de eucalipto para o 2032 e hoxe xa temos arredor de 500.000 hectáreas con eucaliptos na Galiza, que opinión lle merece esta situación e que recomendacións fai a Comisión para protexer as especies autóctonas e evitar a eucaliptización da Galiza?

Firma(s):

Fecha: 06/11/2018